



CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

ACTA 2023-3

PRIMEIRA CONVOCATORIA

PLENO EXTRAORDINARIO

2 de Maio de 2023

Lugar

SALÓN DE PLENOS DO CONCELLO

Hora de Inicio

10:02

Hora de Finalización

10:44

Presidente: VICENTE GÓMEZ GARCÍA
Secretario: SANTIAGO DE LORENZO TABOADA
Interventor: .

MEMBROS ASISTENTES

ANTONIO VAZQUEZ COSTA
EMILIO JOSE COSTA GARCIA
JOSE RAMON LOPEZ PEREZ
JOSÉ LUIS SANTIAGO RODRÍGUEZ
MARIA CARMEN MANSO RODRIGUEZ
MARIA DEL MAR VALLE ALVAREZ
XOSE BARXA BRANCO

MEMBROS AUSENTES

DANIEL DE DIOS MANSO

Pola Presidencia declarase aberta a sesión e, en relación cos asuntos previstos na orde do día da mesma, adoptáronse os seguintes

ACORDOS:

1º. APROBACION, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESION DO 01.03.2023 (ACTA 2023/2)

A acta apróbbase por unanimidade dos presentes, asistentes á sesión de referencia.

2º. SORTEO DOS MEMBROS DAS MESAS ELECTORAIS PARA AS ELECCIONS LOCAIS DO 28.05.2023.

Acto seguido procedeuse a dar cumprimento ó que se indica no artigo 26 da Lei Orgánica de Réxime Electoral Xeral e, cumpridas tódalas formalidades legais establecidas, este Concello formou as mesas electorais que se indican, coas persoas sinaladas a continuación:

Distrito 1	Sección 1	Mesa A	COLEXIO PÚBLICO DE CASTRELO DO VAL RUA TOURAL (O) 7 CASTRELO DO VAL (SANTA MARIA)
PRESIDENTE/A		VICTOR SANCHOYERTO RODRIGUEZ	
1º VOCAL		MIGUEL SABARIZ CUQUEJO	
2º VOCAL		MANUELA GOMEZ RODRIGUEZ	





CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

PRESIDENTE/A - 1º Suplente	ANDREA CARRASCO GUERRA		
PRESIDENTE/A - 2º Suplente	RUBEN CARLOS PRIETO PRIETO		
1º VOCAL - 1º Suplente	BEATRIZ RIVERO GUERRA		
1º VOCAL - 2º Suplente	XABIER GUEDE GOMEZ		
2º VOCAL - 1º Suplente	OLGA LUCIA CASTRO SARMIENTO		
2º VOCAL - 2º Suplente	MANUEL MARIO SALGADO ESTEVEZ		
Distrito 1	Sección 1	Mesa B	TELECLUBE DE CASTRELO DO VAL RUA TOURAL (O) 13 CASTRELO DO VAL (SANTA MARIA)
PRESIDENTE/A	LAURA GIL CID		
1º VOCAL	SANDRA BASALO GONZALEZ		
2º VOCAL	NAZARET SANCHEZ FRAILE		
PRESIDENTE/A - 1º Suplente	DANIEL GARCIA FERNANDEZ		
PRESIDENTE/A - 2º Suplente	DAVID GARCIA GIL		
1º VOCAL - 1º Suplente	SEVERINO SANTAMARINA JUSTO		
1º VOCAL - 2º Suplente	JORGE BORJAS PAZOS		
2º VOCAL - 1º Suplente	GUMERSINDO ROLAN FERNANDEZ		
2º VOCAL - 2º Suplente	CESAREO PARADA CID		
Distrito 1	Sección 1	Mesa C	CENTRO SOCIAL DE CAMPOBECERROS RUA CARDENAL QUIROGA 10 CAMPOBECERROS
PRESIDENTE/A	PABLO WALTER FERNÁNDEZ DIÉGUEZ		
1º VOCAL	ANTONIO ALVAREZ SILVA		
2º VOCAL	AVELINO RODRIGUEZ ROLAN		
PRESIDENTE/A - 1º Suplente	MARIA ANGELES GONZALEZ VAZQUEZ		
PRESIDENTE/A - 2º Suplente	REBECA BLANCO PRIMO		
1º VOCAL - 1º Suplente	LUIS MIGUEL LOPEZ NUÑEZ		
1º VOCAL - 2º Suplente	GLADIS ALVAREZ GONZALEZ		
2º VOCAL - 1º Suplente	FABRICIANO VAZQUEZ BLANCO		
2º VOCAL - 2º Suplente	ANA MARIA ESTEVEZ ALVAR		

3º. CONTA XERAL DO PRESUPOSTO 2022.

Dase conta de que o asunto foi dictaminado favorablemente e por unanimidade pola Comisión Especial de Contas con data **01.03.2023**; que o documento foi exposto ao público mediante edicto publicado no **BOP** número **51**, do **03.03.2023** e no taboleiro de edictos do Concello, desde o 06.03.2023 ata o 24.03.2023, sen que se producisen reclamacións ou





CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

alegacións contra a aprobación do devandito documento; polo que procede, sen máis, a aprobación da conta nos termos nos que se atopa redactada.

Sometido o asunto a votación, o Pleno, por **unanimidade** dos seus oito membros presentes (5 PSdeG-PSOE, 2 PP e 1 BNG) dos nove que legalmente o forman, **ACORDA**:

Aprobar a conta xeral do orzamento do exercicio **2022**, nos termos nos que se atopa redactada para proceder á rendición regulamentaria ante o Consello de Contas.

4º. EXPEDIENTE DE MODIFICACION DE CREDITOS 6/2023, CON CARGO AO REMANENTE LIQUIDO DE TESOURERIA.

Dáse lectura ao expediente núm. **6/2023**, tramitado para a modificación de créditos dentro do vixente orzamento, financiado có remanente líquido de tesourería dispoñible procedente da liquidación do orzamento do exercicio **2022**.

O Sr. alcalde fai unha explicación das diferentes necesidades a satisfacer có expediente.

Dáse conta de que o expediente tramítase por razóns de necesidade plenamente xustificada, e está axustado aos preceptos legais vixentes.

Non se producen intervencións.

Tralo que, ao ter en conta a Memoria da Alcaldía xustificativa da necesidade de aprobación do expediente de modificación de créditos número **6/2023**, de suplementos de crédito con cargo ao remanente líquido de tesourería e polos motivos nela sinalados; o Pleno, por **unanimidade** dos seus oito membros presentes (5 PSdeG-PSOE; 2 PP e 1 BNG) dos nove membros que legalmente o forman, **ACORDA**:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos **6/2023** a través de suplemento de créditos **con cargo ao remanente líquido de Tesourería**, nos seguintes termos:

PRIMEIRO. Aprobar o expediente de modificación de créditos **6/2023** a través de suplemento de créditos **con cargo ao remanente líquido de Tesourería**, nos seguintes termos:

SUPLEMENTO DE CREDITO:

APLICACIÓN	CONCEPTO	IMPORTE
1532.609.01	Plan Marco 2023/24: Fondos propios	9.441,18
920.632.01	Inversión reposic. edificios (Casa Concello e lavadouro Campo Becerras) Fondos propios	8.026,61
TOTAL SUPLEMENTOS DE CRÉDITO		17.467,79

PARTIDA DE INGRESOS FINANCIADORA:

APLICACIÓN	CONCEPTO	IMPORTE
------------	----------	---------





CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

87001	Remanente de Tesourería para gastos xerais	17.467,79
TOTAL		17.467,79

TERCEIRO. Expoñer ao público este expediente de modificación de créditos **6/2023** durante o prazo dos seguintes **quinze días hábiles** desde a publicación do correspondente edicto no **Boletín Oficial da Provincia**, a fin de que, polos interesados a que se refire o artigo 151.1 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, se presenten as alegacións e as reclamacións que consideren pertinentes, só polos motivos que se establecen no apartado segundo do devandito artigo.

Así mesmo, faise constar expresamente que, se durante o prazo de exposición ao público non se presentasen as reclamacións contra a aprobación inicial do referido expediente, dita aprobación será definitiva sen necesidade de adoptar novo acordo do Pleno que así o declare e, de seguido, exporase ao público o resultado final da modificación de créditos efectuada e remitirase copia da resolución á administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

5º. OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO CONCELLO DE CASTRELO DO VAL CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2023. RATIFICACIÓN, SE PROCEDE, DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DATA 25 DE ABRIL DE 2023.

Díuse conta da proposta de acordo en cuestión, así como da resolución da Alcaldía á que fai referencia.

De seguido, **intervén o Sr. Alcalde**, e explica sucintamente á necesidade da cobertura da praza en cuestión no presente exercicio para o bo funcionamento dos servizos municipais.

Tralo que o pleno, ao ter en consideración que:

O Pleno, na sesión do día **18 de novembro de 2022**, aprobou o Orzamento Municipal para o ano 2023, xunto coa Plantilla de Persoal desta Corporación; sendo publicada íntegramente no Boletín Oficial da Provincia núm. 290, de data **21 de decembro do 2022**.

Posteriormente, o Pleno, na sesión do día **13 de marzo de 2023**, aprobou a modificación da Relación de Postos de Traballo (RPT) e consecuentemente o cadro de persoal e a plantilla ou relación de postos de traballo da Corporación do Orzamento Municipal para o ano 2023; sendo publicada a aprobación definitiva da modificación da RPT e da aprobación inicial da modificación cadro de persoal e a plantilla ou relación de postos de traballo da Corporación do Orzamento Municipal para o ano 2023, publicouse no BOP núm. 66, do **21 de marzo do 2023**.

Ao non se ter presentado reclamación contra o acordo anterior, quedou definitivamente aprobada a modificación do cadro de persoal e a plantilla ou relación de postos de traballo da Corporación do Orzamento Municipal para o ano 2023, o que se publicou no BOP núm. 88, do





CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

18 de abril do 2023.

As Corporacións Locais deberán aprobar dentro do prazo dun mes, desde a aprobación do Orzamento, a Oferta de Emprego Público (**OEP**) para o ano correspondente; segundo se establece no Art. 128 do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (**TRRL**), aprobado por Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril.

O día **24 de abril de 2023** constituíuse a Mesa Xeral de Negociación do Concello de Castrelo do Val cós catro sindicatos coa condición de máis representativos; onde se acordou a formulación da Oferta de Emprego Público (**OEP**) ordinaria para o ano **2023**; todo elo en cumprimento do que se establece no Art. 37 do Estatuto Básico do Empregado público (**EBEP**).

E, logo de ver o informe de Secretaría, e de conformidade co establecido no artigo 21.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local; mediante resolución da Alcaldía de data **25 de abril de 2023**, aprobouse a Oferta de Emprego Público ordinaria (**OEP**) deste Concello para o ano **2023**,

Tralo que, sometido o asunto a votación, o Pleno por **unanimidade** dos oito membros presentes (6 **PSdeG-PSOE**, 2 **PP** e 1 **BNG**) dos npove que legalmente o forman, **ACORDA**:

PRIMEIRO. Ratificar a resolución da Alcaldía de data **25 de abril do 2023**; e na súa consecuencia, **aprobar** a Oferta de Emprego Público (**OEP**) ordinaria deste Concello para o ano **2023**, que contén o seguinte posto de traballo:

Denominación do Posto: **Técnico Axente de Emprego e Desenvolvemento Local**

Código do posto na RPT: **01.02.01**

Tipo: Persoal **Funcionario**

Grupo: A2

Escala: Administración Especial (AE)

Subescala: Técnica (TEC)

Provisión: **Concurso-Oposición** (Art. 2 RD 896/1991, de 7 de junio) por **Promoción Interna** (D.T. 2ª TRLEBEP)

SEGUNDO. Publicar a Oferta de Emprego Público no taboleiro de anuncios da Corporación, así como na sede electrónica deste Concello castreloval.gal e no Diario oficial correspondente.

TERCEIRO. Convocar a praza ofertada en execución da presente Oferta de Emprego Público dentro do prazo improrrogable de tres anos, a contar desde a súa data de publicación.

CUARTO. Iniciar o oportuno procedemento para a Oferta e Emprego Público ordinaria (**OEP**)





CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

2023.

E ó non ser outro o obxecto deste acto, remata a sesión estendéndose esta acta, que o Sr. Presidente asina conmigo, o secretario, que dou fe.

O Presidente

O Secretario

